

10

A Cidade de Todo é Posible



Acerca da lectura

Este conto trata dunha vila diferente, sen tráfico, ruído nin contaminación. Unha cidade onde as rúas son prados nos que brincar e xogar.

É Don Inventos un sabio moi requetesabio que pasa o día (e gran parte da noite) inventando as cousas máis orixinais que poidades imaxinar.

A cidade onde vive Don Inventos chámase *A Cidade de Todo é Posible* e, como suporás, non é unha cidade como calquera.

Por exemplo, as casas están construídas sobre rodas, de xeito que os veciños poden trasladarse dun sitio a outro nun chiscar de ollos. Así, se alguén se farta de ver sempre o mesmo, pon en marcha a casa e colócaa onde máis lle guste.

As rúas desta cidade tampouco son como as demais: en vez de estaren asfaltadas, están tapizadas de céspede, para que os nenos e as nenas poidan brincar ou xogar ás carreiras sen medo a ser pillados por un coche. Porque outra cousa que non vos contei é que as rúas pertencen, en exclusiva, aos peóns*.

E por onde circulan entón os coches?, preguntaraste. Moi sinxelo: non circulan por ningures, porque non hai. Por iso non hai nin chisco de contaminación, nin se dan eses horribles atascos que lle fan perder a paciencia a un santo.

.....
peón: Persoa que camiña pola rúa.



E ti dirás: e como vai a xente dun lugar a outro? Pois... en burro. Si, si, entendiches ben: en burro! Cada veciño ten un burro á súa disposición para dar un paseiño cando lle pete.

Pero estes burros non son burros normais. Certo é que teñen catro patas, dúas orellas e unha cola. E que, coma todos os burros, ornean e dan couces. Pero existe unha gran diferenza: estes, ademais de trotar... voan!

E non penses que voan porque teñen ás, non; deben a súa estraña facultade a unha prodixiosa apócema, de efectos sumamente rápidos; abonda con darlles catro culleriñas (unha por cada pata) para que... *zas!*, saian voando como se se tratase dun foguete. O curioso é que este elixir* só funciona cos burros. Fixéronse probas con outros animais, pero non deron resultado.

Imaxinas o excitante e divertido que pode ser pasear polos aires ao lombo dun burro? Ao lado disto, o de voar nun avión non ten nin chisco de graza!

M.^a Dolores Pérez-Lucas: *Don Inventos*,
Ed. Anaya (tradución e adaptación).

DESAFIO

Nesta unidade
leremos moitas
poesías. Facemos
unha antoloxía?

.....
elixir: Beberaxe con efectos máxicos.

Comentario da lectura

Despois de escoitar o texto

- 1 Como se chama a cidade na que vive Don Inventos?
 - a) A Cidade de Todo é Imposible.
 - b) A Cidade de Posible é Todo.
 - c) A Cidade de Todo é Posible.

Comprendo as palabras

- 2 Que significa «nun chiscar de ollos»? Elixo:

sen querer rapidamente con moito sono

- Escribe un exemplo con esa expresión.

- 3 Completa coas palabras do recadro:

As rúas desta cidade están feitas ... para os ..., porque non hai coches. Os ... teñen un burro á súa Pero estes burros teñen unha estraña ..., pois grazas a unha ... máxica, poden voar.

- 4 Busca na lectura palabras relacionadas co tráfico, como por exemplo «circular».

facultade
peóns
apócema
cidadáns
en exclusiva
disposición



5 Cales destas cousas NON había na Cidade de Todo é Posible?

céspedede	ruído	cemento	cidadáns
contaminación	coches	burros	atascos

6 Contesta:

- Que teñen as casas de particular? Para que?
- Onde xogan os nenos e nenas?
- Por onde circulan os coches?
- Que medio de transporte utilizan os veciños de Todo é Posible?
- Que facultade máxica teñen os burros desta vila?

7 Fixámonos nos detalles:

- A apócema para voar, fai efecto rápido ou lentamente?
- Cantas culleradas desa apócema deben tomar os burros?
- Que efectos ten o elixir noutros animais?



8 Como é a túa vila? Grande, pequena, con tráfico, tranquila...? Descríbea.

9 Se ti foses Don Inventos, que cambiarías da túa vila?

OBSERVO E FALO

Entendo os sinais.

1 Cales dos seguintes sinais cres que pode haber na Cidade de Todo é Posible?



2 Debuxa dous sinais que che gustaría poñer nas rúas do lugar onde vives.